



HORA DE LER

CURSO 2024 / 2025

Esta actividade está incluída no Plan Lector de Centro e vai dirixida ao alumnado e profesorado dos cursos da **ESO**.

Tanto o alumnado coma o profesorado terá como única actividade neste tempo a **lectura individual e silenciosa** dun libro (narrativa, teatro, poesía, cómic, divulgación ...) da súa elección. O alumnado e o profesorado deberán ter cadanseu libro preparado.

Lembramos que esta hora **non é unha hora de estudo nin se debe utilizar para preparar ou poñer exames.**

A hora de ler botará a andar no mes de **setembro** e rematará no mes de **xuño**. Desenvolverase en forma de **unha hora semanal** que será **rotativa** ao longo de **toda a semana**. Durante o primeiro e segundo trimestres realizarase unha **pausa de dúas semanas** para respectarmos o período de exames.

Este curso mantense a dispoñibilidade de **Bolsas de lectura**. Estas bolsas atópanse na sala de profesorado e conteñen material de apoio para aquel alumnado que non leve lectura de maneira puntual. Non debemos favorecer que haxa alumnado que bote man dos volumes incluídos en cada bolsa de maneira sistemática. É responsabilidade do profesor/-a ao/á que lle coincida a Hora de Ler coa súa materia xestionar o uso e transporte das bolsas dende e á sala de profesorado.

Recordámoslle ao profesorado a importancia de velar pola correcta realización desta actividade, para que a Hora de Ler non sexa unha hora perdida, respectando coidadosamente que o ambiente de aula sexa o adecuado para a lectura. Fomentar e exemplificar coa práctica activa o gusto pola lectura contribúe decisivamente á mellora da competencia do alumnado en todas as materias.

Pídeselles ás titoras e titores que trasladen esta información ás aulas e que a fagan visible.

Grazas pola vosa colaboración.

Equipo de Biblioteca

DISTRIBUCIÓN DE HORAS POR TRIMESTRES

1ª AVALIACIÓN

10

2ª AVALIACIÓN

8

3ª AVALIACIÓN

8

CÓMPUTO GLOBAL: 26 HORAS LECTIVAS



1º TRIMESTRE

DÍA	HORA	
LUNS 30 SETEMBRO	1ª HORA	8:45 – 9:35
LUNS 7 OUTUBRO	2ª HORA	9:35 – 10:25
LUNS 14 OUTUBRO	3ª HORA	10:40 – 11:30
LUNS 21 OUTUBRO	4ª HORA	11:30 – 12:20
LUNS 28 OUTUBRO	5ª HORA	12:35 – 13:25
LUNS 4 NOVEMBRO	6ª HORA	13:25 – 14:15
LUNS 11 NOVEMBRO	7ª HORA	16:30 – 17:20
LUNS 18 NOVEMBRO	8ª HORA	17:20 – 18:10
MARTES 26 NOVEMBRO	1ª HORA	8:45 – 9:35
MARTES 17 DECEMBRO	2ª HORA	9:35 – 10:25

2º TRIMESTRE

DÍA	HORA	
MARTES 14 XANEIRO	3ª HORA	10:40 – 11:30
MARTES 21 XANEIRO	4ª HORA	11:30 – 12:20
MARTES 28 XANEIRO	5ª HORA	12:35 – 13:25
MARTES 4 FEBREIRO	6ª HORA	13:25 – 14:15
MÉRCORES 12 FEBREIRO	1ª HORA	8:45 – 9:35
MÉRCORES 19 FEBREIRO	2ª HORA	9:35 – 10:25
MÉRCORES 26 FEBREIRO	3ª HORA	10:40 – 11:30
MÉRCORES 26 MARZO	4ª HORA	11:30 – 12:20

3º TRIMESTRE

DÍA	HORA	
MÉRCORES 2 ABRIL	5ª HORA	12:35 – 13:25
MÉRCORES 9 ABRIL	6ª HORA	13:25 – 14:15
XOVES 24 ABRIL	1ª HORA	8:45 – 9:35
XOVES 8 MAIO	2ª HORA	9:35 – 10:25
XOVES 15 MAIO	3ª HORA	10:40 – 11:30
XOVES 22 MAIO	4ª HORA	11:30 – 12:20
XOVES 29 MAIO	5ª HORA	12:35 – 13:25
XOVES 5 XUÑO	6ª HORA	13:25 – 14:15